

Vicisitudes da diáspora lituana

Jurate Statkutė de Rosales

“**U**n millón de lituanos viven fóra do país”, afirmou o Ministerio de Cultura lituano nun informe de maio de 2004. En comparación, a poboación total en Lituania é de 3,5 millóns de habitantes. A maioría dos que conforman ese “millón” fóra do seu país, non son emigrantes recentes, senón fillos, netos e, nalgúns contados casos, descendentes indirectos de emigrantes que se negaron a deixarse absorber polo novo país, o que presenta un enigma de por qué e cómo algunhas familias gardaron viva a memoria das súas raíces a través de máis dunha xeracións.

Nunha primeira ollada parece que influíron dous factores: as organizacións de emigrantes coas súas respectivas actividades culturais, educativas, relixiosas e económicas; e os avatares políticos dun país que careceu de independencia, recobrouna en 1918, volveuna a perder en 1940 e recuperouna en 1990, feito que involucrou de xeito automático a toda a nación, nunha loita pola supervivencia, deixando á diáspora a liberdade –e, polo tanto, a responsabilidade– de falar no nome de todos durante longos períodos de tempo.

Os primeiros emigrantes censados

A primeira vaga migratoria importante abrangue dende as últimas dúas décadas do século XIX ata as dúas primeiras do século XX. A xente moza marchaba de Lituania empurrada polas necesidades económicas e a presión política dun réxime tsarista que o país rexeitaba. Foron milleiros de homes e parellas mozas que emigraron aos EUA, Arxentina, Uruguai e Brasil.

Desta primeira onda xorde unha diferenza entre o que foi desa xente no Brasil e o que lles ocorreu nos EUA. No Brasil, os inmigrantes empregáronse, na súa maior parte, como man de obra agrícola, que se espallou por afastadas facendas e, dez anos despois, a maioría buscou mellores condicións de vida na Arxentina e Uruguai, mentres que outros, despois de 1918, cando Lituania obtivo a súa independencia, acolléronse á política de repatriación. A nova república pagáballes a pasaxe de volta e case todos volveron. En cambio, nos EUA, desa mesma emigración comezada arredor de 1880, naceu unha das máis duradeiras e poderosas colonias lituanas no estranxeiro.

Como o fixeron? Ao igual ca no Brasil, os primeiros emigrantes eran campesiños sen instrución. A maioría traballaron como obreiros en fábricas, matadoiros e minas de carbón. As súas primeiras actividades organizadas foron ditadas pola necesidade: formaron fondos destinados a pagar os enterros, porque as condicións de traballo eran a miúdo perigosas, e as mortes eran frecuentes. En 1886, unha asemblea de 11 representantes das diversas organizacións de auto-beneficencia, fundou un centro

chamado *Susivienijimas* ('reunión'). Inda que este centro posteriormente se dividiu en tres: nunha vía próxima á Igrexa Católica Romana, outra corrente socialdemócrata e outra máis de corte nacionalista, volveron a formar unha fronte única cando Lituania recobrou a súa independencia en 1918 e é notábel que foron estes obreiros cos seus descendentes quen reuniron naquel momento, a través das súas respectivas organizacións, grandes sumas de dólares para doalos á recente república.

Un caso interesante é a colonia de *Marquette Park* en Chicago. En 1908, un párroco católico lituano enviado a Chicago reuniu diñeiro para comprar un terreo adxacente a *Marquette Park*, e construíu un convento, onde comezou a funcionar unha escola lituana que creceu rapidamente. En 1955, a escola puido financiar a construción dun edificio de 2 millóns de dólares para 1.200 alumnas de secundaria, das que 200 eran descendentes de lituanos.

En *Marquette Park*, os pequenos fogares entre as rúas 55 e 75 foron habitados por lituanos. En 1915, unha entidade creada pola unión das organizacións de axuda mutua lituana comprou 18.000 acres do parque e doou 4.000 acres para a construción dunha igrexa católica lituana. Posteriormente, ese organismo construíu un hospital cun custe de 4 millóns de dólares, o que atraeu a médicos, odontólogos e traballadores da saúde lituanos, cos seus respectivos sistemas de seguros. Pola súa banda, os protestantes lituanos mercaron unha vella e próxima sinagoga e convertérona nun templo protestante.

Unha terceira adquisición foi feita polos xesuítas lituanos e, ao carón deles, tamén mercou unha orde Mariana. En 1960 –medio século despois da primeira compra– en *Marquette Park* vivían uns 10.000 lituanos. Unha caixa de aforros e préstamos, cun capital de 20 millóns de dólares, funcionaba recibindo aforros de familias lituanas e outorgando créditos para as vivendas e os negocios.

Diversas actividades concentráronse en *Marquette Park*, onde a lingua falada entre os veciños, nos negocios e na escola era o lituano e en parte segue a selo. Teñen unha radio en lituano, prensa lituana de diversas tendencias, partidos políticos, organizacións de mozos, grupos de bailes folclóricos, coros, etc.

Nesta última década, son moitas as familias que abandonaron os pequenos fogares de *Marquette Park* e mercaron residencias noutros estados como California ou Florida, pero a columna vertebral organizativa segue a funcionar desde *Marquette Park*. É normal que a xente maior que goza do seu retiro, pase os invernos na súa residencia en Florida, pero regresa a Chicago e a *Marquette Park* nas datas das grandes xuntanzas estivais, como o “Día dos Bailes Folclóricos”, que reúne nun só espectáculo aos grupos folclóricos lituanos de Canadá e de diversas rexións dos EUA.

A segunda vaga

O crecemento de *Marquette Park* atribúese á segunda onda migratoria, producida pola fuxida de numerosas familias desconformes co sistema soviético que go-

bernou Lituania a partir de 1944. Contrariamente á primeira emigración, esta era conformada principalmente por xente de educación superior. A maioría chegou convidada e baixo garantía de parentes que xa vivían nos EUA, xa que esta era a condición para obter o visado de ingreso e residencia no país.

Dende o punto de vista organizativo, a guerra produciu a reunificación de todos os organismos e tendencias da diáspora, que conformaron en 1941 o Consello dos Lituanos de América. Con todo, tratábase dunha entidade creada con fins políticos de loita pola independencia do país desde EUA. A realidade social creou outras necesidades, sobre todo porque os refuxiados tomaron varios destinos. Ademais daqueles que lograron establecerse nos EUA entre 1945 e 1951; outros grupos de familias lituanas botaron raíces en diversos países de Europa occidental, América e Oceanía. En cada país, os lituanos crearon a súa respectiva Comunidade Lituana, rexistrada no país hóspede e, en 1958, fundouse en Nova York, coa asistencia de delegados escollidos por votación en cada colonia, a Comunidade Lituana Mundial. Os delegados viñeron en representación das comunidades lituanas de Alemaña occidental, Arxentina, Australia, Brasil, Canadá, Colombia, Dinamarca, EUA, Italia, Francia, Gran Bretaña, Suíza, Uruguai e Venezuela.

Baixo a influencia da Comunidade Mundial, xurdiu a Organización Mundial da Mocidade Lituana que chegou a celebrar cada catro anos un congreso mundial de mozos, alternando o lugar de xuntanza: o primeiro foi nos EUA, aos catro anos os mozos viaxaron a Gran Bretaña, e logo foron os de Bos Aires, Montevideo, etc.

Unha das máis importantes actividades da Comunidade Mundial foi o mantemento da lingua e cultura lituanas. Púidose imprimir en Chicago o material educativo e distribuíuse a todas as comunidades onde funcionaba un sistema sabatino de clases de lituano para nenos e mozos. Tamén fundou e financiou un colexio en Alemaña, na aldea de Hüttenfeld, con bacharelato en lituano e alemá. Os alumnos, descendentes de lituanos e que proviñan dos máis diversos países, vivían na escola. A maioría eran bolseiros da Comunidade Mundial Lituana, coa viaxe e todos os gastos pagos. Era frecuente que, desde Arxentina, Brasil, Venezuela, EUA ou calquera outro país, os mozos bolseiros viaxaran para rematar o bacharelato internos na secundaria lituana en Alemaña.

A situación actual

Cando Lituania recobrou a súa independencia en 1990, agregáronse á rede mundial as colonias de lituanos autóctonos das zonas que, polos avatares da historia, quedaron separados do tronco orixinal por mor do trazado das fronteiras políticas. Aldeas lituanas en Polonia, Bielorrusia e o enclave ruso de Kaliningrado, seguen afeñadas a súa lingua, costumes e cultura milenarios. Isto obviamente complica, con novos elementos, a política oficial cara as minorías que viven no estranxeiro.

Por outra banda, a primeira década da independencia produciu unha emigración que saía de Lituania empurrada polas ganas de probar as súas forzas no sistema de libre mercado. Moitos foron aos países occidentais ignorando as regras de xogo e estreláronse, outros correron con máis ou menos sorte. Co ingreso de Lituania na Unión Europea, as autoridades lituanas prepáranse para un maior éxodo e, asemade, para moitos regresos, particularmente dos países con dificultades económicas.

A Comunidade Mundial Lituana, que agora alberga a residentes de 35 países, mudou a súa sede á capital lituana, Vilnius, e traballa nunha estreita colaboración coas autoridades. Cada ano celébrase en Vilnius unha semana de sesións en que participan os presidentes electos das comunidades. O programa global de axudas aos lituanos do exterior e aos que volven foi aprobado polo goberno da República de Lituania o 8 de maio do 2004 e cobre o período 2004-2008.

Como funciona o actual programa

O máis importante segue a ser a educación e o mantemento da lingua. Ademais das escolas de secundaria de Chicago e Alemaña, tamén as hai, en horario completo, en Moscova, Riga (Letonia) e a partir de 1990, comezou en Vilnius un colexio de primaria e secundaria con internado gratuíto, “O Fogar de Lituania”, mantida polo Ministerio de Educación, para os fillos de emigrantes que viven fóra e volven a Lituania.

A cátedra de lituanística da Universidade de Vilnius ofrece cursos de verán para os mestres de lituano que viven e ensinan no estranxeiro: entre 1999 e 2003, graduáronse máis de cen mestres, dos que moitos traballan *ad honorem* nas 20 escolas sabatinas que funcionan nos EUA, ademais das existentes en Canadá e outros países. A estadia, os libros e o material educativo son subministrados polo Ministerio de Educación e distribuídos a través da Comunidade Mundial.

O plano do Ministerio de Seguridade Social e Traballo para 2002-2007 ten ao seu cargo os programas de axudas, información e apoio ás familias necesitadas que volven a Lituania, nos que se inclúe a adaptación dos fillos e a solución dos problemas iniciais de vivenda.

Para os que seguen a vivir no exterior, o Ministerio de Educación elaborou unha serie de programas dirixidos aos nenos e mozos. Neles hai diversas actividades culturais, a celebración en Lituania de cursos de verán e campamentos. Cada ano, no verán, celébrase a “Festa do Canto”, ou a “Festa do Baile Folclórico”, coa presenza de todas as agrupacións da mocidade do país e do estranxeiro. Estas actividades son subsidiadas polo Estado. Os mozos que chegan a estes eventos reciben adicionalmente información sobre os estudos e as facilidades que lles ofrece o país.

Ao mesmo tempo, as organizacións existentes no estranxeiro poden presentar anualmente ao Departamento de Minorías adscrito ao goberno, diversos proxectos culturais de actividades solicitando financiamento. Existe unha lista de requisitos e

contros que deben ser cumprimentados, pero o interesante deste programa é que a iniciativa parte das comunidades que viven no exterior e, polo tanto, corresponde ás necesidades que aparentemente varían segundo os países e as condicións da vida de cada un deles.

Observando todo o anterior, pódese concluír que o reto consiste en manter o contacto cun millón de persoas dispersas polo mundo, moitas delas nadas no exterior, formadas en países e ambientes distintos, mais unidas por unha orixe común. A resposta que idearon é unha activa rede organizativa que dirixe o groso dos seus esforzos cara ás novas xeracións.

Jurate Statkutė de Rosales, lituana, é directora en Caracas do Semanario de Información e Análise “Zeta”.